



PROXECTO SECCIÓN BILINGÜE CEIP do Bolo



ÍNDICE

Datos do centro.

1. Introducción e xustificación.
2. Características do centro.
3. Organización da sección bilingüe (área, profesorado, alumnado e distribución horaria).
4. Obxectivos xerais.
5. Contidos.
 - 5.1. Observación plástica.
 - 5.1.1. Primeiro e segundo nivel de Educación Primaria.
 - 5.1.2. Terceiro e cuarto nivel de Educación Primaria.
 - 5.1.3. Quinto e sexto nivel de Educación Primaria.
 - 5.2. Expresións e creacións plásticas.
 - 5.2.1. Primeiro e segundo nivel de Educación Primaria.
 - 5.2.2. Terceiro e cuarto nivel de Educación Primaria.
 - 5.2.3. Quinto e sexto nivel de Educación Primaria.
6. Metodoloxía.
 - 6.1. CLIL/AICLE.
 - 6.2. Recursos e materiais.
 - 6.3. Atención á diversidade.
 - 6.4. Implicación das familias.
 - 6.5. Medidas para facilitar a incorporación tardía de novo alumnado ao proxecto.
7. Avaliación.
 - 7.1. Avaliación do proxecto.
 - 7.2. Avaliación da área.
 - 7.3. Avaliación do alumnado.
 - 7.4. Avaliación do proceso de ensinanza.
8. Viabilidade do proxecto.
9. Proxectos extracurriculares para a sección bilingüe.
10. Formación: detección de necesidades e priorización das accións formativas.
11. Previsión de actuacións futuras.

Este proxecto foi elaborado ao abeiro do establecido na *Orde de 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario*, e unha vez solicitado o compromiso do mestre que asumirá as funcións de responsable e coordinador das seccións bilingües, e aprobado polo Consello Escolar do centro unha vez oído o Claustro de Mestres do mesmo, presentamos este proxecto xunto co resto de documentos xustificativos mencionados no artigo 13 da citada con anterioridade Orden ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da provincia de Ourense, para que posteriormente sexa trasladada, co informe da Inspección Educativa, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Datos do centro

Denominación: CEIP do Bolo

Enderezo: Rúa César Conti s/n. 32373, O Bolo (Ourense)

Enderezo Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdobolo/>

Correo electrónico: ceip.dobolo@edu.xunta.es

Teléfono/Fax: 988323047

Código de centro: 32015098

1. Introducción e xustificación.

Coa creación da Sección Bilingüe no noso Centro pretendemos integrarnos nun sistema educativo en continuo movemento, que pretende adiantar o ensino á demanda da vida real, e na que se precisa unha conexión entre educación e sociedade.

Entendemos que o incremento da calidade educativa do Centro e o esforzo por conseguir unha aprendizaxe nas competencias comunicativas do alumnado en lingua inglesa, non debe interferir na adquisición dos contidos básicos da Educación Primaria tanto en lingua castelá como en lingua galega.

No contexto europeo e nacional no que estamos inmersos, a mobilidade de alumnos/as e familias, aumentou notablemente. Por iso é de gran importancia asegurar que calquera alumno/a poida integrarse con éxito desde e en calquera centro, sen que sexan cuestións lingüísticas as que dificulten esta tarefa. De ahí que o dominio dunha segunda lingua comunitaria adquiera gran transcendencia.

A necesidade de que os alumnos adquiran ao longo do seu proceso de escolarización unha maior competencia lingüística no uso de polo menos dúas linguas da Unión Europea é o reto para o futuro inmediato do noso sistema educativo. Temos que traballar para eliminar a única barreira existente que é a lingüística.

O coñecemento de máis dunha lingua enriquece a visión que a persoa ten do mundo e contribúe a fomentar a tolerancia e a comprensión entre cidadáns de distintos ámbitos lingüísticos e culturais.

E é aquí onde atopa xustificación e sentido a implantación da sección bilingüe no noso centro:

- A necesidade de posuír, na sociedade actual, un bo dominio do idioma inglés.
- Facilitar aos alumnos a aprendizaxe dunha segunda lingua desde idades temperás, reforzando a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás en lingua inglesa.

- Atender a demanda das familias que reclaman a potenciación do idioma inglés na formación dos seus fillos, como segunda lingua de comunicación, que lles permita desenvolverse na sociedade global na que vivimos.

Consideramos adecuado que os alumnos comecen a súa experiencia nun sistema de aprendizaxe da lingua inglesa de forma temperá, coincidindo co inicio da etapa de Educación Infantil, xa que numerosos estudos confirman que os nenos que establecen un contacto precoz con dúas linguas adquiren ambas aparentemente sen esforzo, de modo parecido a como adquiriría calquera das dúas se fose monolingüe.

Desde a nosa perspectiva como equipo docente, o proxecto de Bilingüismo implica:

- Revisar os criterios metodolóxicos utilizados na aula para que o alumno/a sexa capaz de comprender de forma progresiva os contidos das áreas curriculares a través dunha lingua estranxeira, procurando xerar un contexto de aprendizaxe significativo e motivador para o alumno/a.

- Pór en marcha estratexias para calquera aprendizaxe, e especialmente no ámbito lingüístico. O ensino bilingüe permite desenvolver as competencias clave, conectando aprendizaxes previas coas aprendizaxes en curso, dado que se establecen no alumnado hipóteses de todo tipo (lingüísticas e cognitivas), que de forma continua se someten a verificación (“aprender a aprender”).

- Reforzar as competencias comunicativas do idioma da Sección. Todas as análises e observacións conclúen que se adquire mellor unha lingua cando se utiliza para aprender en contextos comunicativos e de carácter significativo.

- Eliminar prexuízos e estereotipos, fomentando unha apertura cultural. O coñecemento e uso doutras linguas permite pór en relación outras maneiras de percibir e de describir a realidade, espertando o interese por outras culturas e formas de pensar, aproxímanos a actitudes tolerantes, creando sentimento de unidade e relación en lugar de fractura e illamento.

Tal e como se mencionou con anterioridade, axustámonos á lexislación vixente e expomos o inicio do Proxecto desde o 1º nivel de Educación Primaria, sen esquecermos de potenciar a aprendizaxe desta segunda lingua desde a Educación Infantil.

Por todo iso e a iniciativa do Equipo Directivo, o CEIP do Bolo solicita a creación de seccións bilingües en inglés para impartir os contidos, neste caso da área non lingüística de Plástica, en inglés a partir do curso 2018/19.

O centro asume este reto con ilusión, sen esquecer que suporá un enorme esforzo pola súa banda na elaboración de materiais, implicación de todos os sectores da comunidade educativa e, por suposto, tamén un esforzo do alumnado.

Así mesmo, e co voto favorable do Claustro de Mestres e do Consello Escolar, investimos nunha

educación de Calidade e futuro nunha zona rural de montaña con necesidades de compensación, entendendo que este factor non debe implicar impedimento na formación dos estudantes que acusan a falta de referentes lingüísticos ao seu arredor. Esperamos que estes esforzos revertan directamente na poboación rural.

O centro primordial destes esforzos será o alumnado, polo que se antolla esencial partir das súas capacidades individuais, estilos de aprendizaxe, centros de interese, diversidade e, a medida que se progresa no curso académico, levar a cabo unha avaliación continua en canto á metodoloxía, aprendizaxes, materiais... que estea completamente adaptado aos alumnos, que parta deles e chegue a eles.

É por iso que os diferentes apoios entenderanse como prioritarios de cara á consecución dos obxectivos. Con estas premisas unha coordinación áxil e eficaz nos diferentes niveis e ámbitos do cal dependerá nun alto grao o éxito do programa, será primordial.

2. Características do centro.

O CEIP do Bolo é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Está situado nunha zona do rural da provincia de Ourense, concretamente na aldea de O Bolo, que é cabeceira do Concello. Xeográficamente, este Concello está situado na parte oriental da provincia, concretamente na comarca de Valdeorras, nunha zona de montaña con núcleos de poboación dispersos entre si e pouco poboados.

Con máis de trinta anos de historia docente, o CEIP O BOLO é un dos centros máis veteranos da comarca de Valdeorras. É un centro dunha liña e neste curso académico 2017-2018 conta cunha matrícula de 24 alumnos, 9 deles agrupados nunha unidade de Educación Infantil e 15 agrupados en dúas unidades de Educación Primaria, unha agrupando a alumnos de 1º, 2º e 3º nivel, e outra agrupando a alumnos de 4º, 5º e 6º nivel.

O centro oferta os recursos educativos complementarios de transporte escolar e comedor escolar.

De cara ao vindeiro ano académico implantarase no centro a xornada lectiva en sesión única de mañá, sendo o horario de entrada as 09:30 horas e a hora de saída as 14:30 horas para o alumnado non usuario dos servizos educativos complementarios ofertados polo centro, e as 15:15 horas para o alumnado usuario dos mesmos.

A poboación que atende o centro é de extracción social media e media-baixa. A maioría das familias teñen estudos primarios mentras que as que posúen estudos secundarios e universitarios son minoría.

A base da economía da zona repártese entre os tres sectores económicos de gandaría e agricultura, canteiras e autónomos da construción, e en menor medida, o sector servizos.

En canto ao asociacionismo e á participación da maioría das familias nas actividades do centro, a gran maioría de pais e nais seguen de preto a evolución na educación dos seus fillos, implicándose activamente na vida do Centro.

Unha porcentaxe moi elevada dos alumnos reciben un estímulo positivo cara á actividade escolar no ambiente familiar. Teñen boa disposición cara á escola e participan activamente nas actividades que se organizan. Nunha porcentaxe elevada realizan actividades extraescolares ofertadas polo Centro, o Concello e o ANPA, todas elas organizadas desde o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do Centro e sempre coa aprobación dos órganos de goberno do centro.

No que ao nivel cultural se refire, é moi variado, de modo que distintas identidades e niveis de cultura conviven nunha mesma comunidade de aprendizaxe, aínda que na maioría dos caso o nivel cultural é baixo.

A principal lingua do entorno é o galego, lingua que case todos os alumnos a falan.

O centro conta cunha plantilla de 4 mestres, dos cales tan so un é definitivo no centro. Ao centro acuden mestres itinerantes das especialidades de Audición e Linguaxe (dous días á semana), Relixión (un día á semana) e Orientación (tres horas ao día cunha periodicidade quincenal).

3. Organización da sección bilingüe (área, profesorado, alumnado e distribución horaria).

Tendo en conta o exposto na *Orde do 12 de maio de 2011 que regula o proceso para solicitar a sección bilingüe* poderán impartirse no idioma específico da sección bilingüe contidos correspondentes a áreas non lingüísticas e o total das horas impartidas no idioma específico non poderá supor máis dun 50% do horario total dos alumnos.

A pesar de que o centro oferta as etapas educativas de Educación Infantil e de Educación Primaria, acordouse que a sección bilingüe se implante na etapa de Educación Primaria, concretamente en cada unha das dúas unidades da etapa coas que conta o centro; unha delas agrupando a un total de 5 alumnos do 1º, 2º e 3º nivel, e outra agrupando a 10 alumnos do 4º, 5º e 6º nivel.

Neste proxecto a área non lingüística pola que optou o profesorado do centro para incorporar a sección bilingüe é Educación Artística, área cunha carga de contidos moito menor, os cales poden ser transmitidos de forma sinxela e directa, ben de forma verbal, visual e xestual, ao tratarse dunha materia manipulativa. Esta área, tal e como se recolle no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* agrupa os contidos de Educación Musical e Educación Plástica correspondéndolle unha distribución

horaria de dúas horas semanais. Os contidos que se impartirán en lingua estranxeira serán os de Educación Plástica (1 hora semanal).

A continuación establécense as orientaciónes acerca da data e curso na que a presente proposta podría establecerse atendendo ás características do deseño do plan de sección bilingüe (AICLE), así como atendendo a moitos máis factores que inflúen na creación desta proposta, tales como o contexto, os recursos e o profesorado dispoñible do centro.

Atendendo a todo o mencionado con anterioridade, concretamente á agrupación do alumnado en unidades mixtas, a sección bilingüe pretende implantarse en todos os niveis da Educación Primaria co fin de favorecer a integración de todo o alumnado.

A linguaxe ha de ser fundamentalmente oral, con gran cantidade de axuda visual e linguaxe non verbal, introducindo gradualmente a linguaxe escrita, comezando con actividades de asociación sinxelas, e facilitando a comunicación de mensaxes reais e naturais.

Consideramos que a implantación do ensino bilingüe supón un modo, non só de potenciar a adquisición da Lingua Inglesa dunha maneira efectiva, senón tamén de profundar en aspectos culturais, xeográficos e sociais mediante unha inmersión neles a través dun vehículo tan importante como a lingua.

En canto ao profesorado, as funcións de mestre responsable da sección e coordinador (Artigo 4 da *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües*) da mesma recaerán sobre o mestre Don Emilio Manuel González López, mestre con destino definitivo no centro e especialista en Lingua Estranxeira: Inglés, con nivel acreditado B2 e que se compromete a formar parte do proxecto un mínimo de dous anos así como a participar nas actividades de formación para o ensino CLIL/AICLE organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (Artigo 6 da *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües*).

4. Obxectivos Xerais.

Os principais obxectivos nos que se centrará o Proxecto Bilingüe son os seguintes:

- Fomentar a adquisición, aprendizaxe e uso da lingua inglesa como vehículo de aprendizaxe e de coñecemento na área de Educación Artística (Plástica).
- Desenvolver no alumno/as o coñecemento e uso adecuado, tanto das lingua castelá e galega como da lingua inglesa, nas súas manifestacións oral e escrita, que permitan aos alumnos/as adquirir a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás.
- Lograr o dominio das cinco habilidades que caracterizan a aprendizaxe dunha lingua: escoitar, ler,

falar, escribir e interacción oral.

- Comprender textos orais e escritos sinxelos, empregando a información transmitida polos mesmos con fins diversos.
- Comprender os elementos relevantes dunha mensaxe oral ou escrita, aínda que se descoñezan estruturas ou palabras do mesmo.
- Relacionar o significado e a pronunciación do vocabulario.
- Aplicar os coñecementos lingüísticos á comprensión e á produccion de textos.
- Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico e comunicativo das linguas, o que axudará na aprendizaxe das mesmas.
- Mellorar a competencia lingüística na área de inglés, proporcionándolles vocabulario e fluidez lingüística apropiadas para tal aprendizaxe, e integrando ao alumnado plenamente na área.
- Utilizar o vocabulario e estruturas adecuadas para conseguir a información desexada.
- Coñecer e empregar correctamente o vocabulario básico.
- Asociar son, representación e significado nas palabras.
- Desenvolver estratexias que axuden á contextualización da lingua así como outras estratexias comunicativas que se usen nos países anglosaxóns.
- Permitir ao alumno/a, coñecer a unha idade temperá outras culturas, costumes e institucións, que lle axudarán a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural, desenvolvendo un espírito crítico.
- Involucrar ao Centro nunha idea social plurilingüe e pluricultural, na que se integran os procesos de comunicación e intercambio de experiencias a través das TIC's, e así favorecer o desenvolvemento da sociedade do coñecemento do século XXI.
- Proporcionar ao alumnado, especialmente a aqueles con necesidades educativas especiais, as estratexias necesarias para enfrontarse a situacións da vida ordinaria, a través dun maior dominio do inglés, idioma presente nas novas tecnoloxías e a informática.
- Pasar de forma progresiva a un ensino, sistemático de lectoescritura na materia de inglés (Literacy), para lograr unha descodificación nas áreas non lingüísticas e así comprender e asimilar os diferentes coñecementos que nelas se imparten.
- Conseguir o dominio da lingua inglesa ao finalizar o programa de bilingüismo a implantar no centro.
- Involucrar, como parte esencial da aprendizaxe, a participación dos alumnos/as en Proxectos Europeos, irmandamento entre centros, intercambio de información a través de Internet (blog, redes sociais...) integrando a alumnos/as en situacións desfavorecidas polas súas condicións sociais ou persoais.

- Indagar nas posibilidades do son, a imaxe e o movemento como elementos de representación e comunicación.
- Valorar o coñecemento doutras sociedades e culturas a través do uso da lingua inglesa, facendo posible o acercamento entre os cidadáns da Unión Europea e cos outros continentes.
- Aprender a expresar e comunicar con autonomía e iniciativa emocións e vivencias a través dos procesos propios da creación artística.
- Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
- Aplicar os coñecementos artísticos na observación e a análise de situacións da vida cotiá.
- Manter unha actitude de procura persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación, e a sensibilidade.
- Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación nos que interveñen a imaxe e o son, e utilizalos como recurso.
- Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural de Galicia e outros pobos.
- Valorar o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorna.
- Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as doutros.
- Realizar producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución de problemas.
- Coñecer algunhas das profesións dos distintos ámbitos artísticos.

5. Contidos.

Área de Educación Artística (Plástica)

5.1. Observación plástica.

5.1.1. Primeiro e segundo nivel de Educación Primaria.

1. Observación e exploración sensorial dos elementos presentes na contorna natural, artificial e artístico.
2. Descrición verbal de sensacións e observacións.
3. Comentario de obras plásticas e visuais presentes na contorna e en exposicións ou museos.

4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece a contorna.
5. Coñecemento e observancia das normas de comportamento en exposicións.
6. Descrición de imaxes presentes en contextos próximos.
7. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.
8. Observación de diferentes maneiras de presentar o espazo.

5.1.2. Terceiro e cuarto nivel de Educación Primaria.

1. Clasificación de texturas e tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.
2. Establecemento dunha orde ou pauta para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita.
3. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas.
4. Respecto e coidado da contorna, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das dos demais.
5. Interese por buscar información sobre producións artísticas e por comentalas.
6. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas.
7. Observación de elementos da contorna para o estudo das escalas e proporcións entre os obxectos.
8. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo.

5.1.3. Quinto e sexto nivel de Educación Primaria.

1. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais e das estruturas xeométricas.
2. Elaboración de protocolos, de forma oral e escrita, para a observación de aspectos, cualidades e características notorias e sutís de elementos naturais e artificiais.
3. Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen e suxiren para a recreación das mesmas e creación de obras novas.
4. Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural das sociedades.
5. Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.
6. Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías da información e comunicación.
7. Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a

situación no espazo.

8. Comparación entre as formas que a representación do espazo adopta en diferentes áreas ou ámbitos.

5.2. Expresión e creación plástica

5.2.1. Primeiro e segundo nivel de Educación Primaria.

1. Experimentación das posibilidades expresivas do trazo espontáneo e con intencionalidade, das liñas que delimitan contornos e do espazo que define a forma.

2. Experimentación de mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre soportes diversos.

3. Procura sensorial de texturas naturais e artificiais e das cualidades e posibilidades de materiais orgánicos e inorgánicos.

4. Elaboración de debuxos, pinturas, collages, volumes, etc.

5. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso en representacións teatrais.

6. Composicións plásticas utilizando fotografías.

7. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas

8. Goce na manipulación e exploración de materiais.

9. Uso progresivo e adecuado de termos referidos a materiais, instrumentos ou aspectos da composición artística.

10. Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.

5.2.2. Terceiro e cuarto nivel de Educación Primaria.

1. Experimentación con liñas diversas e formas en diferentes posicións.

2. Procura das posibilidades da cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando os resultados sobre diferentes soportes.

3. Indagación sobre as cualidades dos materiais, tratamentos non convencionais dos mesmos e uso que pode facerse das texturas na representación.

4. Elaboración de imaxes usando utilizando técnicas e recursos diversos.

5. Construción de estruturas sinxelas ou creacións plásticas para a representación teatral.

6. Realización de fotografías: enfoque e planos.

7. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.
8. Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas.
9. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e ideas.
10. Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, seleccionando apropiadamente os materiais segundo as súas posibilidades plásticas, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas e respectando as normas que, no seu caso, o grupo estableza.

5.2.3. Quinto e sexto nivel de Educación Primaria.

1. Experimentación de formas abertas e pechadas e de liñas segundo a súa forma, dirección e situación espacial.
2. Aplicación de cores complementarias, opostos e tonalidades de forma intencionada.
3. Exploración dos cambios que experimentan os volumes e espazos pola incidencia da luz.
4. Manipulación de materiais para concretar a súa adecuación ao contido para o que se propoñen e interese por aplicar ás representacións plásticas os achados obtidos.
5. Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes.
6. Elaboración de obras utilizando técnicas mixtas.
7. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.
8. Creación de ambientes para a representación teatral.
9. Emprego de tecnoloxías da información e a comunicación para o tratamento de imaxes, deseño e animación, e para a difusión dos traballos elaborados.
10. Composición de pezas recreando aspectos de obras artísticas analizadas.
11. Preparación de documentos propios da comunicación artística como carteis ou guías.
12. Disposición á orixinalidade, espontaneidade, plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma na creación dunha obra artística.
13. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición, asumindo responsabilidades no traballo cooperativo, establecendo momentos de revisión, respectando as achegas dos demais e resolvendo as discrepancias con argumentos.

6. Metodoloxía:

6.1.CLIL: Content and Language Integrated Learning. En español, AICLE:

Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras é a metodoloxía que demostra mellores

resultados no desenvolvemento dunha competencia comunicativa que optimiza e facilita a aprendizaxe de contidos.

Esta inmersión lingüística favorece un maior éxito na aprendizaxe das linguas estranxeiras a través de materias non comúns.

Segundo estes principios metodolóxicos, utilizamos a lingua non só para comunicarnos, senón tamén para aprender, sendo a materia obxecto de estudo a que determina o tipo de linguaxe que se necesita aprender, dando un carácter de funcionalidade e inmediatez que os alumnos non perciben cando recreamos situacións ficticias, e tendo sempre presente que hai que outorgar máis importancia á fluidez que á exactitude.

Para a formulación dunha clase hai que ter en conta que debemos comezar con tarefas sinxelas que permitan que o alumno non se sinta perdido e frustrado, e que a lingua se contemple desde un punto de vista máis léxico que gramatical, facendo máis fincapé na aprendizaxe de vocabulario que no uso de estruturas gramaticais, que o alumno desenvolverá na clase de Inglés.

Potenciarase unha metodoloxía enfocada ao traballo cooperativo e á aprendizaxe por tarefas, en parella ou por grupos, que promovan tanto a aprendizaxe dos contidos da materia como o uso comunicativo do inglés. O obxectivo da tarefa será a realización dun produto final a través dunha serie de actividades.

O ensino debe ter un carácter flexible e facilitador, atendendo aos distintos estilos de aprendizaxe. Isto implica en primeiro lugar facilitar a comprensión do contido e do contexto a través de explicacións ou textos adecuados á idade do alumno, levando a cabo tarefas de comprensión que poden incluír a alternancia de código L1 e L2. O uso das TICs tamén achega un contexto máis rico, variado e atractivo para os nosos alumnos, á vez que promove a súa interactividade e autonomía.

O emprego deste tipo de metodoloxía é o que conduce ao desenvolvemento das competencias clave, tanto comunicativa (usamos a lingua non só para comunicarnos senón tamén para aprender), matemática, en ciencia e tecnoloxía (estamos a reforzar a materia en novos contextos e estilos de traballo e estudamos Informática a través da informática e realizamos tarefas empregando as Tics), iniciativa e espírito emprendedor (a aprendizaxe por tarefas fai que o alumno non se limite a copiar ou a realizar actividades rutineiras, senón que busque os seus propios desafíos e enfróntese a eles), competencia social e cívica (o traballo cooperativo implica a exposición do resultado final dun proxecto que queremos compartir co resto do centro, isto fai que nos sociabilicemos e interactuemos dentro do grupo), conciencia e expresións culturais (o mero feito de entrar en contacto diario con outra lingua conduce a inevitables referencias á cultura orixe desa lingua, ao seu coñecemento e o espertar da curiosidade por outras sociedades, así mesmo, a realización de actividades como presentacións, murais ou vídeos, dá a oportunidade de expresarse e distinguirse

artisticamente no proceso), competencia para aprender a aprender (o alumno adóitase a aprender asimilando da experiencia compartida tanto como do traballo autónomo e desenvolve moitas máis estratexias enfrontándose a distintos tipos de tarefas que realizando actividades rutineiras dun libro de texto).

Tamén implicaremos á Comunidade Educativa desde un primer momento: profesorado, familias, Consello Escolar e ANPA proporcionando una información clara e precisa do que supón o proxecto bilingüe e dando resposta ás dudas e temores que poidan xurdir. Requeriremos do seu apoio para a realización de diferentes actividades e estaremos abertos a calquera suxerencia que nos presenten.

6.2. Recursos e materiais.

O método AICLE caracterízase polo uso de múltiples recursos, polo que as posibilidades de utilizar varios materiais durante o ensino son altas. Así, o uso de diferentes recursos fai que o ensino sexa moito máis dinámico, e que o alumnado se motive e interese sen problemas se o profesorado finalmente utiliza materiais adecuados e atractivos.

A aprendizaxe dun segundo idioma é complicado para todos aqueles estudantes que non están moi familiarizados co inglés, sobre todo para a maioría do alumnado da nosa comunidade que vive en contextos nos que unicamente é necesario vivir e comunicarse cun só idioma (español), polo que o uso dos diferentes recursos durante o proceso de aprendizaxe pode ser unha axuda útil para o profesorado, a fin de obter a súa atención e centrarse na aprendizaxe e o uso da lingua cando é necesario.

Os recursos teñen unha posición entre o docente e o alumnado, e serven como unha ponte que axuda ao profesorado a orientar mellor a transmisión de coñecementos: docente (ensinanza) – recursos – alumnado (aprendizaxe).

Para que os recursos teñan certo valor pedagóxico, a selección dos materiais que se utilicen na aula de idiomas e as demais materias e materias, terá que ser coidadosa e sempre tendo en conta unha serie de criterios que axuden a ofrecer a calidade e complemento consistentes aos ensinos que se transmiten ao alumnado.

Os docentes terán que seleccionar os materiais en función dos obxectivos e contidos que se recollen nas súas actividades, tarefas ou proxectos, cun propósito definido e sendo sempre o máis claros e precisos que sexa posible para/coas necesidades e niveis do alumnado.

A partir deste proxecto, aconséllase ao profesorado, utilizar os recursos coidadosamente seleccionados para o desenvolvemento das súas clases, sendo ferramentas de ensino altamente informativas e motivadoras, que cumpran as seguintes funcións e características de entre as moitas máis que poderíanse destacar:

- Os recursos pedagóxicos teñen moitas características atractivas e elementos que fan que o alumnado centre a súa atención con máis facilidade.
- Os recursos didácticos son xeralmente materiais que implican o uso de máis dun sentido humano. Frecuentemente adoitan ser moi visuais ou auditivos, o que ofrece unha experiencia de aprendizaxe máis próxima e interactiva como a que se percibe mediante os sentidos.
- O uso dos recursos didácticos axuda a configurar maior número de diferentes estratexias en comparación cos docentes de metodoloxías máis lineais que non os utilizan.
- Os recursos didácticos axudan a ilustrar os contidos mostrados independentemente da natureza, o tempo, etc. que representan, xa que son obxectos que axudan a contextualizar.
- Os recursos pedagóxicos orientan a aprendizaxe, contribuíndo así á consecución dos obxectivos e contidos.
- Os recursos para o ensino exercitan e axudan a avaliar os coñecementos.

Tendo en conta todo isto consideramos que o centro conta cos recursos axeitados en todos os ámbitos para unha óptima implantación das seccións bilingües que se solicitan:

Informáticos e Audiovisuais

Aula-clase

O noso Centro dotou a todas as aulas de Educación Primaria con conexión a internet por cable e WIFI e con Kits Abalar.

De cara ao vindeiro ano académico o centro ten previsto presentar un proxecto Educativo Dixital (E-Dixgal) ao abeiro da *Resolución do 7 de de maio de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educativo Dixital durante o curso 18/19.*

Estes recursos resultan motivadores e útiles para o ensino e a aprendizaxe do idioma inglés.

No caso de que nun futuro se quixera implantar una sección infantil en Educación Infnatil, a aula que agrupa ao alumnado desta etapa tamén conta con Kit Abalar.

Biblioteca

Tamén na biblioteca dispoñemos dun ordenador de sobremesa e de conexión a internet por cable e WIFI. Estamos pendentes da instalación dun Kit formado por un ordenador, proxector e PDI.

Bibliográficos

Incrementouse o número e calidade dos recursos materiais cos que se conta para o ensino/aprendizaxe da lingua inglesa en xeral: tanto do material curricular (libros de texto, cadernos de actividades, pósteres, cd's e materiais interactivos...), como textos de diferentes formatos (contos, vídeos, cancións...). Na biblioteca do Centro dispónse de dicionarios bilingües, libros de lectura graduados de diferentes niveis, libros de texto en inglés das materias non lingüísticas, etc.

A medida que avancemos no programa bilingüe atenderanse as necesidades bibliográficas que se demanden.

Ademáis, potenciarase o uso das TICs, que son imprescindibles neste tipo de metodoloxía de aprendizaxe por tarefas, e que obviamente será pedra angular da área de Educación Artística (Plástica) para a que xa existe unha numerosa batería de recursos en liña e para a que se desenvolverá material propio interdisciplinar.

6.3. Atención á diversidade.

AICLE caracterízase por ser un método flexible en canto aos diferentes ritmos de aprendizaxe e as Necesidades Educativas Especiais.

Entendemos o noso Proxecto como integrador e non seleccionador, por tanto a atención á diversidade debe estar presente no desenvolvemento do mesmo para atender aos alumnos na súa individualidade, tanto aos alumnos con atraso escolar como aos de altas capacidades, a través de :

- O Apoio Ordinario contemplaría ao alumnado en xeral, atendendo a todo tipo de aprendizaxes e estilos cognitivos presentes na aula. Por iso, levarán a cabo diversidade de actividades e métodos, nas que o alumnado poña en marcha todas as súas competencias.
- O apoio específico ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais. Abordarase tanto de maneira ordinaria na aula, como a través do apoio que reciba do especialista de PT/AL, realizando as Adaptacións Curriculares oportunas.
- Terase en conta que o especialista de inglés poida apoiar aos nenos con dificultades no idioma.

6.4. Implicación da familia.

Se queremos levar a cabo unha avaliación e coñecemento máis completos do noso alumnado, temos que ter en conta diversos puntos de vista e non só o dos estudantes e o profesorado, é por esta razón que este proxecto de sección bilingüe tomou unha dimensión máis a ter en conta para avaliar e actuar no proceso de ensino-aprendizaxe: as familias.

É grazas aos pais, nais e titores do alumnado que podemos acceder con maior facilidade ao coñecemento das súas preocupacións, os seus intereses e os seus comportamentos, así como as súas necesidades académicas e afectivas.

A través da colaboración cos familiares, este proxecto utilízase para guiar aos docentes e recomendar ás familias o proporcionar un maior fortalecemento e consolidación dos contidos que se imparten en lingua inglesa, así como o seu uso nas casas destes. Este proxecto considera necesario que os adultos adopten actitudes positivas cara á lingua estranxeira, que a apoiem proporcionando aos seus fillos e fillas recursos e materiais e outros contidos en inglés para enriquecer os

coñecementos dos nenos tales como películas, contos, videoxogos, revistas...

Os fogares tamén poden ser de gran axuda na avaliación da execución da proposta de sección bilingüe, e poden axudar a detectar deficiencias ou fallos que poidan ter durante a súa implementación; as familias tamén poden ser un bo factor para axudar a suxerir melloras e propostas a engadir á presente proposta de proxecto de sección bilingüe.

As reunións cos titores do alumnado son un punto a valorar e coidar.

Temos que evitar caer nas excusas que a miúdo se asocian coa falta de tempo, a inseguridade, etc. polas dúas partes (profesorado e familias). Este tipo de reunións cumpren tamén así co que establece o Artigo 4.1 d) e g) da *Lei Orgánica 8/1985 do 3 de xullo que regula o Dereito á Educación*: “o profesor-titor coordinará o traballo do grupo de docentes, así como tamén manterá unha relación permanente coa familia, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos”.

Dado que este proxecto anima a protexer as relacións entre as familias e a escola, ofrécense diversas formas ou medidas de participación. Nesta proposta propónse tres maneiras diferentes para realizalo:

- Tutoría/ presentación de inicio de ano académico.
- Tutorías de trimestre.
- Tutorías virtuais (por correo electrónico, etc.)

6.5. Medidas para facilitar a incorporación tardía de novo alumnado ao proxecto.

Ao alumnado que se incorpore ao Centro iniciado o curso escolar, faráselle unha avaliación inicial en competencia lingüística, e dependendo do seu nivel establecerase un programa de apoio, se fose preciso, en inglés para poder integralo ao ritmo do grupo.

Os apoios estableceranse para cada caso concreto. Proporcionarase axuda e materiais básicos para traballar no centro e en casa, establecendo obxectivos e contidos a conseguir con criterios realistas.

7. Avaliación:

7.1. Avaliación do proxecto.

A avaliación do proxecto desenvolverase co fin de apreciar a calidade dos resultados da aplicación da sección bilingüe AICLE, e esta avaliación estenderase de maneira constante durante todos os cursos escolares como unha forma de axudar a aumentar a calidade do proxecto, respectando á súa vez o Artigo 9 da *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües*, que establece que os equipos directivos dos centros educativos con seccións bilingües autorizadas incluírán un informe avaliando a experiencia na memoria anual do ano .

A avaliación farase ao Proxecto na súa globalidade. Será un proceso con carácter continuo e formativo como unha forma de resolver algúns dos posibles problemas xurdidos durante a execución da sección bilingüe, e deste modo propoñer mellores solucións para lograr os resultados desexados, e dicir, baseado en revisións periódicas do proxecto para mellorar o seu funcionamento.

A avaliación é de gran utilidade, pois informa as adaptacións e axustes necesarios para orientar adecuadamente as tarefas.

Aspectos a avaliar:

- Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
- Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo.

Procedementos de avaliación:

- Cuestionarios a mestres e familias.
- Cuestionarios aos alumnos.
- Observación con listas de verificación.

Indicadores:

- Grao de desenvolvemento do Proxecto de Sección Bilingüe.
- Grao de interese e participación dos alumnos no desenvolvemento dos proxectos temáticos propostos.
- Grado de satisfacción das familias coa súa aplicación e resultados.

7.2. Avaliación da área non lingüística.

A avaliación das áreas non lingüísticas guiarase polas directrices recomendadas para a avaliación AICLE, que resumimos brevemente:

- Os contidos da área non lingüística primarán sobre os resultados lingüísticos.
- A competencia lingüística en inglés é un valor engadido que ha de ser recompensado para mellorar os resultados da avaliación do alumnado.
- A falta de fluidez en inglés non debe penalizarse.

7.3. Avaliación do alumnado.

A avaliación do alumnado no presente proxecto baséase nos distintos tipos de avaliación: avaliación continua, avaliación integrada, avaliación guiada e avaliación individualizada.

A avaliación deseñada tratará de responder aos diferentes estilos de avaliación mencionados anteriormente na medida do posible. A avaliación iniciarase desde a consideración da diverxencia existente de cada un dos estados académicos e emocionais en que se atope cada estudante, sendo

desta maneira INDIVIDUALIZADA. Tamén se pretenderá respectar e sempre ter en conta a diversidade dos grupos, tentando así levar a cabo un proceso flexible e o uso dos criterios de avaliación que marquemos, en resposta a unha avaliación INTEGRADORA.

Ao longo do proceso de ensino, os docentes guiarán a cada un dos estudantes durante a súa aprendizaxe, seguíndose así unha aprendizaxe e avaliación de carácter ORIENTADOR. Por último, non pode descoidarse o feito que define o proceso de ensino-aprendizaxe mencionada como un procedemento dividido en varias fases cuantificables (fase inicial, a fase formativa e fase sumativa), seguindo así un tipo de avaliación CONTINUA.

Criterios de avaliación:

1. Comprende e segue as instrucións verbais dadas polo mestre que utiliza a lingua inglesa.
2. Realiza comentarios / suxerencias en lingua inglesa sobre a execución do proxecto.
3. Participa de forma activa nas actividades propostas.
4. Colabora cos compañeiros na realización dos proxectos, etc.
5. Executa producións escritas en lingua inglesa con rapidez e precisión.

Procedementos de avaliación:

- Observación dos intercambios orales: diálogos, debates, ordes con listas de verificación.
- Avaliación das producións escritas/artísticas con listas de verificación.
- Autoevaluación.

Indicadores:

- Número de alumnos aprobados en Lingua Extranxeira: Inglés.
- Grao de mellora dos resultados en Lingua Extranxeira: Inglés en relación a cursos anteriores.
- Grao de competencia lingüística inglesa en relación aos contidos da área de Plástica.
- Nivel de competencia lingüística en Lingua Inglesa.
- Frecuencia dos intercambios en lingua inglesa cos compañeiros.

A avaliación e promoción do alumnado seguirá o establecido pola normativa actual.

7.4. Avaliación do proceso de ensinanza.

O profesorado revisará os métodos implementados en cada sesión e actividade, tarefa ou proxecto para axustalos ás necesidades temporais ou permanentes do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Á súa vez, teranse en conta os resultados obtidos e o nivel de implicación que se consegue por parte do alumnado; un alto nivel de atención e implicación levará a reforzar as técnicas e materiais utilizados; pola contra, se a atención e implicación é baixa implicará unha revisión das actuacións levadas a cabo.

Procedementos:

- Listaxes de verificación dos diferentes procesos didácticos implicados no desenvolvemento do Proxecto.

Indicadores:

- Grao de adaptación das actividades aos intereses e posibilidades dos alumnos.
- Grao de seguimento dos principios metodolóxicos.
- Grao de axuda en lingua castelá do mestre na presentación e execución dos proxectos.

8. Viabilidade do proxecto.

A viabilidade do noso proxecto a día de hoxe é totalmente viable, xa que o centro conta cos recursos humanos e materiais suficientes para levalo a cabo.

Outro feito importante que aumenta a viabilidade, é a aceptación e compromiso do Claustro de Mestres e do Consello Escolar co Proxecto.

Ademais, tamén queremos dar resposta á reiterada demanda que nos trasladan as familias para o establecemento desta sección bilingüe.

9. Proxectos extracurriculares para a Sección Bilingüe.

O noso programa de actividades para reforzar e facer extensivo ao resto da comunidade educativa os logros e avances da Sección Bilingüe inclúe os seguintes proxectos:

- Elaboración dunha publicación de carácter trimestral, que tamén estará dispoñible en versión dixital na web do centro, con colaboracións de mestres e alumnos con escritos, debuxos, posters, cómics e experiencias educativas, que compartiremos con pais, nais e resto de alumnos da nosa comunidade de aprendizaxe.
- Creación dun Taller Literario e Teatral co fin de achegar aos alumnos, non só da Sección Bilingüe, senón de todo o centro, obras e autores clásicos en lingua inglesa. Con isto queremos tamén transmitir aspectos da cultura, historia e xeografía anglosaxoa a través dunha minuciosa e estudada selección de autores e textos adaptados, que inclúe escritores de distintas procedencias, como J.M. Barrie de Escocia, autor de Peter Pan, o dramaturgo Irlandés Óscar Wilde, co seu relato O Príncipe Feliz, Charles Dickens de Inglaterra e o seu Conto de Nadal, e o estadounidense Frank Baum, escritor do Mago de Oz. Relacionaremos estas obras co seu contexto, que é máis próximo ao alumnado do que en principio poderíamos pensar, e con outras obras que eles poden coñecer, traballando a educación en valores, como pode ser destacar a importancia e o éxito de obras como Peter Pan, As Crónicas de Narnia de C.S. Lewis ou O Señor dos Aneis de Tolkien, que foron de gran aceptación en períodos de guerras mundiais, nos que o público se distraía da realidade

escapando a mundos fantásticos literarios. Elixirase unha obra para ser representada a final de curso traballando sobre adaptacións que inclúan no texto en lingua castelá, vocabulario e expresións cotiás en inglés.

- Tamén co obxectivo de dar a coñecer os costumes e culturas anglosaxoas, adaptarase para toda a nosa comunidade de aprendizaxe un Calendario de Actividades en Inglés, que incluírá tanto festivos como Halloween, Guy Fawkes Day, Thanksgiving Day, Easter, etc., así como días temáticos dedicados á cociña inglesa, os deportes anglosaxóns, ou á idiosincrasia dos seus costumes culturais.

10. Formación: detección de necesidades e priorización das accións formativas.

Todos somos conscientes de que o feito de que no centro se implanten seccións bilingües leva a necesidade de formación do profesorado, un cambio na metodoloxía, na organización e na utilización das novas Tecnoloxías relacionadas co ensino do idioma.

Para lograr a actualización científica e didáctica do profesorado, o profesorado participaría en actividades de formación nas diferentes modalidades establecidas.

A primeira necesidade estaría relacionada coa valoración, selección e elaboración de materiais curriculares que sexan un apoio importante no desenvolvemento do currículo. A modalidade de traballo dentro do centro podería ser dun Grupo de Traballo dentro dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). Fóra do Centro Educativo, poderase participar en:

- Cursos, xornadas, encontros, seminarios a nivel rexional ou nacional de Centros que participan na mesma experiencia...
- Formación na EOI.
- Formación no estranxeiro (Inmersión lingüística).

11. Previsión de actuacións futuras.

Ampliación do horario en Educación Infantil:

Para poder afrontar con mellor nivel de inglés o inicio en Educación primaria das seccións bilingües, aumentaremos o número de sesións de inglés en Educación Infantil segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado da área.

Participación en proxectos colaborativos con Centros doutros países:

Potenciarase a participación en Proxectos colaborativos con Centros doutros países, a través de plataformas como e-Twinning ou similares.

Oferta de talleres e actividades extraescolares en inglés:

Ofertarase actividades extraescolares a través do ANPA en xornada de tarde que faciliten a utilización da lingua inglesa. Estudarase a posibilidade de realizar intercambios con alumnos doutros países de fala inglesa para os alumnos dos últimos cursos de Educación Primaria.

Información e formación de familias:

Durante os primeiros cursos de implantación celebraranse reunións informativas con todas as familias implicadas, en especial, coas dos alumnos que pasan de Infantil a Primaria, para explicar o Proxecto Bilingüe. A ANPA implicarase na oferta de cursos de formación en lingua inglesa para as familias.

O Bolo a 25 de maio de 2018.

O Director

Asdo: Emilio Manuel González López